

**BASES XERAIS PARA A SELECCIÓN
DE TRES AUXILIARES DE AXUDA
NO FOGAR COMO PERSOAL
LABORAL TEMPORAL.**

BASES XERAIS PARA A SELECCIÓN DE TRES AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Obxecto:

O obxecto das presentes bases é a regulación do procedemento de selección e contratación, cun contrato de persoal laboral temporal pola modalidade de obra e servizo segundo a cláusula 3, contratando a 2 auxiliares de axuda no fogar a xornada completa e 1 a xornada parcial, cun contrato de 30 horas á semana, para cubrir a ampliación das horas concedidas de axuda no fogar polo servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xunta de Galicia, segundo o escrito do Plan de Apoio a Dependencia do 2 Agosto 2018.

1. Funcións e tarefas obxecto dos aspirantes:

As prazas son de auxiliar de axuda no fogar para a atención de persoas maiores con déficits de autonomía, persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo, e aquelas unidades de convivencia que tras unha valoración técnica corresponda como recurso idóneo de atención.

As tarefas a desenvolver polas auxiliares serán as de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, doméstico e atencións de psicosociais e educativos a desenvolver nos domicilios asignados.

A xornada laboral será a estipulada polas condicións do servizo, preferentemente a xornada completa de luns a domingo, incluíndo festivos.

2. Requisitos xerais e específicos dos aspirantes:

Para participar no proceso de selección, as/os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do determinado no artigo 57 do Estatuto Básico do Emprego Público, aprobado pola Lei 7/2007 de 12 de abril, respecto do acceso ao emprego público dos nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opte. Acreditarse mediante informe médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.
- d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública ou estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

- e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Requisitos específicos:

- f) Estar en posesión de carné de conducir clase B.
- g) Dispoñer de vehículo para as necesidades do servizo.
- h) Estar en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, ou ben estar participando nun proceso de acreditación para a súa obtención o que se deberá xustificar documentalmente ou título de formación profesional de grao medio de atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente.

3.Duración contrato:

Contrato laboral temporal, por obra e servizo, contratando 2 auxiliares a xornada completa e 1 a xornada parcial, cun contrato de 30 horas á semana. Supeditados a subvención da Xunta para o servizo de axuda no fogar no que atinxe ao Servizo de Dependencia ou a súa posíbel redución.

4. Tipo de contrato:

Os contratos son temporais e establécese un período de proba de 15 días. En relación á duración do contrato hase ter en conta o establecido no anexo da resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Política Social, Familias e Atención á Dependencia e Discapacidade, publicado no BOE 17/12/2008 no que se fixan os criterios comúns sobre acreditación para garantir a calidade do sistema para a autonomía e atención á dependencia que deberán ser entendidos como mínimos en relación ao persoal adicado ás funcións de axuda no fogar que deben poseer o certificado de profesionalidade de atencións socio-sanitaria a persoas no domicilio, que prevé que dito certificado será esixido progresivamente. .

As retribucións serán de 918,68€ a xornada completa e 689,01€ a xornada parcial de 30 horas á semana, brutos coas 14 pagas correspondentes.

5.Presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no BOP. As solicitudes presentaranse no Rexistro do Concello de Vilasantar, en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres. Así mesmo, as solicitudes poderán presentarse por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso, co fin de axilizar os trámites, os aspirantes deberán remitir obrigatoriamente por fax (981778166), antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, unha copia da solicitude co selo de Correos ou do rexistro correspondente, acompañada da copia da documentación esixida para concorrer ao proceso selectivo. A relación de admitidos e excluídos aprobarase por Resolución da Alcaldía e publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa consistorial e na páxina Web do concello, o primeiro día hábil seguinte a aquel no que termine o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes deberán presentar unha solicitude na que consten os seguintes datos:
(ANEXO II)

a) Datos e circunstancias persoais:

- Apelidos e nome
- Domicilio
- Teléfono
- DNI

b) Datos académicos:

- Diploma ou certificación de cursos: denominación e duración.

c) Experiencia profesional: data de inicio e remate do contrato.

Documentación que se acompañará:

- Copia do DNI
- Outros xustificantes do currículo: carné de conducir, títulos esixidos, documentación xustificativa para a fase de concurso.

Todos os documentos que se presenten deberán ser orixinais ou fotocopias compulsadas. Os méritos alegados non xustificados documentalmente non serán tidos en conta.

A relación de admitidos e excluídos aprobarase por Resolución da Alcaldía e publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa consistorial e na páxina Web do concello, o terceiro día hábil seguinte a aquel no que termine o prazo de presentación de instancias.

No caso de que todas as persoas resulten admitidas publicarase directamente a lista definitiva. As persoas excluídas disporán dun prazo de 3 días, a partir do seguinte ao da publicación da listaxe, para reclamar contra a exclusión e corrixir as deficiencias sinaladas. De non presentarse reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncio e na páxina web do Concello.

6.Criterios para a selección de candidatos:

O sistema de selección será de concurso-oposición, sendo a fase de oposición obrigatoria e non eliminatória. Para a selección dos/das candidatos terase en conta o currículo que contará un máximo de **10 puntos**, un exame tipo test, xunto con un suposto teórico- práctico que contará un máximo **de 10 puntos** e unha entrevista persoal que versará sobre o currículo e sobre as tarefas e funcións do servizo de axuda no fogar de **5 puntos, sendo a puntuación máxima 25 puntos.**

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamada única e por orden alfabético, para este procedemento de selección e deberán presentarse co seu DNI. A non presentación ao exercicio no momento de seren chamados/as comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no procedemento de selección e quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

O tribunal non poderá en ningún caso propoñer máis aspirantes como aprobados que o número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobado que contradiga este mandato será nula de pleno dereito. As aprobadas de maior puntuación serán as persoas que se contraten a xornada completa e a seguinte en puntuación a que se contrate a xornada parcial. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta o/a aspirante que posúa o certificado de profesionalidade en atención sociosanitaria a persoas no domicilio, se isto non fora suficiente, terase en conta a maior puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición, de persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos/das interesados/as.

Fase de Concurso: obrigatoria e non eliminatória:

A Curriculum: Puntúa **ata un máximo de 10 puntos**, valoraranse os cursos, experiencia en postos similares:

a). Cursos relacionados co posto a desempeñar; especialmente os relacionados cos coidados a persoas maiores ou persoas con discapacidade: **Ata un máximo de 4 puntos.**

-De menos 99 h a razón de 0,25 puntos por cada curso ata un máximo de 0,5 punto

-De 100 h ata 199 h a razón de 0,5 puntos por cada curso ata un máximo de 1 punto.

-De 200 h ou máis a razón de 0,5 puntos por cada curso ata un máximo de 1 punto.

-Certificado de profesionalidade 1 punto.

-Título oficial de auxiliar de clínica, axuda a domicilio ou similar acorde coa praza: 1 punto.

Se nalgún curso de máis horas se pasa na puntuación que lle corresponde pasa a contabilizarse ao de menos horas. Os cursos xustificaranse mediante a presentación da fotocopia compulsada dos certificados, documentos ou títulos acreditativos.

b). Cursos de lingua galega ou validados pola Xunta de Galicia: **Máximo 1 punto.**

❖ Iniciación: 0,5

❖ Perfeccionamento: 1

❖ Ou os correspondentes CELGAS

❖

De ter os dous só se valorará o curso realizado coa puntuación máis alta.

c). Experiencia en postos similares: **Ata un máximo de 5 puntos.**

-Por cada mes traballado como auxiliar de axuda no fogar contratada na Admón. Local 0,25 puntos por mes completo de xornada laboral completa.

-Por cada mes traballado como auxiliar de axuda no fogar contratada por empresas privadas 0,25 puntos por mes completo de xornada laboral completa.

A este efectos reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo inferiores á xornada completa.

A experiencia profesional acreditarase mediante informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, acompañada de certificados de empresa ou expedidos pola administración ou pola empresa, ou dos contratos de traballo cun documento aclaratorio no caso de que non especifique o seu obxecto con claridade, e as súas prórrogas.

Fase oposición: obrigatoria e non eliminatória:

B- Exame-Puntuá ata un máximo de 10 puntos.

Primeiro exercicio: consistirá na realización dunha proba escrita con 20 preguntas tipo test, con 3 opcións de resposta, non restando as erróneas. Para a realización deste exercicio os aspirantes disporán dun tempo máximo de 30 minutos. **Puntuación máxima: 5 puntos**

Segundo exercicio: Proporase un suposto teórico- práctico sobre as tarefas e definición do Servizo de Axuda no Fogar municipal e do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia. Para a realización deste exercicio os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de 30 minutos. **Puntuación máxima: 5 puntos**

C- Entrevista persoal: Ata un máximo de 5 puntos.

Unha entrevista que versará sobre a experiencia laboral, curriculum dos candidatos/as e as funcións correspondentes ao posto de traballo.

7.Sistema de publicidade da convocatoria:

Esta convocatoria será publicada no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello e nos lugares públicos acostumados.

8. Admisión de candidatos:

Os actos posteriores ao procedemento serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello.

9. Selección:

9.1 O Tribunal avaliador non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza de máis da metade, isto é, a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

9.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir e así llo deberán comunicar ao Sr. Alcalde-Presidente, cando concorra algún dos motivos previstos no art. 28 da Lei 30/92, do 26 de novembro (LRX_PAC), e nas de mais disposicións aplicables o caso. Poderán ser recusados polos aspirantes, baseándose nos mesmos motivos e de conformidade co previsto no art. 29 da Lei 30/92, do 26 de novembro.

9.3. O tribunal, se o estima preciso ou conveniente poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores ou especialistas que actuarán como colaboradores do tribunal exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

9.4. O Tribunal, na súa actuación, axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto, seralle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 30/92, do 26 de novembro, como na demais normativa de concordante aplicación.

10- Formalización do contrato:

Será competencia do Sr. Alcalde-presidente a formalización do contrato laboral cos/coas aspirantes seleccionadas, as cales deberá incorporarse ao seu posto de traballo en función das necesidades do servizo, podendo facer a incorporación de maneira efectiva ata o 1 de Decembro 2018.

O contrato axuntarase a algunha das modalidades previstas na lexislación laboral determinada no procedemento de contratación e nel recolleranse as funcións a desenrolar polo traballador, as retribucións que lle corresponden e prazo máximo de duración.

11-Normas de aplicación:

11.1 Para o non previsto nestas bases, será de aplicación:

- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- .-A Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Os artigos 21.1g), 91, 100 e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- O artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- O Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado
- .-A Disposición adicional segunda do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local
- .- As bases xerais para a selección de persoal laboral temporal aprobadas polo pleno deste concello o día 25-02-1999.

11.2.- As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

11.3. - Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados un recurso de reposición, no prazo dun mes, ante a Alcaldía, con carácter previo ao contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, a partir do día seguinte ao da súa publicación (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa). En canto á xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social. Disposición final. O tribunal queda autorizado para aclarar as dúbidas que xurdan na interpretación destas bases no eido da súa aplicación ao proceso avaliador, así como, para toma-los acordos necesarios para o seu bo desenvolvemento, determinando o modo de proceder, nos casos no previstos.

Vilasantar, 3 setembro 2018.

O alcalde.

Fernando Perez Fernández

ANEXO I

TEMARIO:

1-O Concello: organización, parroquias e lugares.

2- Ordenanza municipal axuda no fogar do Concello de Vilasantar: Definición obxectivos del servizo de axuda a domicilio. Dereitos e deberes dos usuarios. Funcións auxiliares de axuda a domicilio.

3- Lei 39/2006, 14 de Decembro de Promoción da Autonomía persoal e atención á dependencia: Concepto dependencia, graos e niveis.

4- Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.

5-Conceptos prácticos: características e necesidades hixiénico sanitarios, mobilización usuarios, administración de alimentos e tratamentos.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O CONCELLO DE VILASANTAR.

DON/DONA.....
con DNI....., e con enderezo a efectos de notificacións
en....., e
número de teléfono.....,

Enterado/a da convocatoria do procedemento selectivo para a formación dunha lista para a contratación como persoal laboral temporal, de auxiliares de axuda no fogar, manifesta:

- Que desexa participar no procedemento de selección arriba indicado, polo que SOLICITA que sexa admitida a presente solicitude e a documentación que se achega coa finalidade de participar en dito procedemento.
 - Que non padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
 - Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
 - Que non está incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
 - Que posúe vehículo para as necesidades do servizo.
 - Que posúe todos os requisitos esixidos nas bases con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias
-
- Que achega fotocopia da seguinte documentación (indíquese cunha X o que proceda)

D.N.I.
Título exigido
Carne de conducir.
Documentación acreditativa para a fase de concurso.

..... de de 201....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILASANTAR